

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE ABRIL DE 2024 POLA QUE SE CONVOCAN ELECCIÓNS DE REPRESENTANTES NOS CONSELLOS DE INSTITUTO UNIVERSITARIO

Ao abeiro do que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña, o Regulamento de creación, modificación e supresión dos institutos universitarios de investigación e mais o Regulamento electoral xeral da Universidade da Coruña (en adiante REX), esta Reitoría resolve convocar eleccións de representantes nos consellos de instituto universitario, segundo as seguintes bases:

A) ELECCIÓN DE REPRESENTANTES

Renovación de representantes nos consellos de instituto correspondentes aos seguintes sectores:

- Persoal investigador membro do Instituto con cargo a convocatorias oficiais e do persoal bolseiro e contratado de investigación da Universidade da Coruña.
- Persoal de administración e servizos adscrito ao Instituto.

Ningún membro dos sinalados no apartado anterior poderá pertencer a máis dun Instituto Universitario, debendo optar, sempre a tales efectos, por aquel Instituto co que teña maior actividade ou afinidade.

B) PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

1. A **circunscrición electoral** será o instituto ao que estiver adscrito o persoal segundo se relaciona no anexo II.

2. Son **elixibles** en cada sector os membros do instituto que figuren no censo definitivo (artigos 2 e 5 do REX), presenten a candidatura e sexan proclamados definitivamente como candidatos ou candidatas pola Comisión Electoral Central da UDC, consonte o disposto nos artigos 15 e 16 do REX.

3. **As candidaturas presentaranse** mediante o formulario electrónico que estará accesible no taboleiro electoral electrónico até as 14:00 h do último día de prazo previsto para o efecto.

O formulario da candidatura remitirase (asinado dixitalmente ou asinado e escaneado) por correo electrónico ao enderezo comision.electoral@udc.gal. Este formulario conterá polo menos os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Enderezo electrónico para os efectos de notificacións
- Número de documento oficial de identificación
- Sector electoral e circunscrición polos que presenta a súa candidatura

Código Seguro De Verificación	SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	01/04/2024 13:55:28
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



4. **As candidaturas serán individuais** para os efectos de presentación, proclamación, votación e escrutinio. En todo caso, **as candidaturas pódense agrupar** co único obxecto de realizar a campaña electoral de forma conxunta, para o que se achegará a denominación ou a sigla que represente a agrupación electoral que se incluírá na candidatura correspondente ao lado do nome da persoa candidata. En caso de que coincidan diversas denominacións ou siglas, daráselle preferencia á que se presentase primeiro.

5. A proclamación provisoria e definitiva de candidatos e candidatas será realizada pola Comisión Electoral Central de conformidade co disposto no artigo 16 do REX.

6. Se o número de candidaturas definitivas proclamadas for igual ou inferior ao número de postos ou vacantes para cubrir no proceso electoral, as persoas candidatas definitivas serán proclamadas electas sen necesidade de proceder á votación segundo o artigo 16.4 do REX.

C) VOTACIÓNS

1. O proceso de votación realizarase en urna no propio instituto, por criterio de eficiencia administrativa, **entre as 12:00 e as 14:00 h do día 7 de maio de 2024.**

As papeletas, que serán elaboradas polo instituto, conterán a relación de candidaturas proclamadas definitivamente, colocadas por orde alfabética, cun recadro ao lado para marcar o voto a favor da candidatura e respectando o establecido no artigo 20 (modo de exercicio do dereito ao voto) do REX.

2. Correspóndelles ás mesas presidir a votación, conservar a orde, realizar o escrutinio e velar pola limpeza do proceso electoral. Cada mesa está formada por tres membros (presidente/a e dúas persoas vogais) do sector de membros natos do Consello do Instituto designados polo/a director/a do mesmo.

3. O escrutinio realizarase segundo o disposto no artigo 22 do REX.

Código Seguro De Verificación	SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	01/04/2024 13:55:28
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO I**CALENDARIO ELECTORAL**

1. Convocatoria das eleccións por resolución reitoral: 1 de abril de 2024 (luns)
2. Publicación do censo electoral provisorio e da convocatoria: 2 de abril de 2024 (martes)
3. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación do censo electoral provisorio:
 - Prazos de presentación: do 3 de abril (mércores) ao 5 de abril de 2024 (venres), até as 14:00 h
 - Prazos de resolución: do 8 de abril (luns) ao 10 de abril de 2024 (mércores)
4. Data de publicación do censo definitivo: 11 de abril de 2024 (xoves)
5. Prazo de presentación de candidaturas: do 12 de abril (venres) ao 18 de abril de 2024 (xoves), até as 14:00 h
6. Proclamación provisorio de candidaturas: 19 de abril de 2024 (venres)
7. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas:
 - Prazos de presentación: do 22 de abril (luns) ao 23 de abril de 2024 (martes), até as 14:00 h
 - Prazos de resolución: do 24 de abril (mércores) ao 25 de abril de 2024 (xoves)
8. Proclamación definitiva de candidaturas: 26 de abril de 2024 (venres)
9. Campaña electoral: do 29 de abril (luns) ao 3 de maio de 2024 (venres)
10. Data da votación: 7 de maio de 2024 (martes)
11. Proclamación provisorio de candidaturas electas: 8 de maio de 2024 (mércores)
12. Prazos de presentación e resolución de recursos e solicitudes de rectificación da proclamación provisorio de candidaturas electas:
 - Prazos de presentación: do 9 de maio (xoves) ao 10 de maio de 2024 (venres), até as 14:00 h
 - Prazos de resolución: do 13 de maio (luns) ao 15 de maio de 2024 (mércores)
13. Proclamación definitiva de candidaturas electas: 16 de maio de 2024 (xoves)

Código Seguro De Verificación	SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	01/04/2024 13:55:28
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



ANEXO II**RELACIÓN DE INSTITUTOS UNIVERSITARIOS AFECTADOS POLAS ELECCIÓNS**

Instituto Universitario de Estudos Europeos Salvador de Madariaga

Instituto Universitario de Estudos Irlandeses Amergin

Instituto Universitario de Estudos Marítimos

Instituto Universitario de Medio Ambiente

Código Seguro De Verificación	SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Reitor - Ricardo José Cao Abad	Asinado	01/04/2024 13:55:28
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/SWPvKuAZehmMZ2eVsdN8JA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

